



Concello de Rábade

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE PEÓN DE LIMPEZA E MANTEMENTO DE XARDÍNS E VÍAS PÚBLICAS, PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017.

(FASE DE OPOSICIÓN)

Con data 1 de decembro de 2017, reúnese as 10:30 horas na Casa Consistorial de Rábade, de conformidade coa composición determinada mediante Decreto de Alcaldía de 23 de novembro de 2017, os membros do tribunal de selección que se relacionan a continuación, co gallo da realización da fase de oposición:

Presidente: D^a. Silvia Vázquez Orejas, animadora sociocultural do Concello de Rábade.

Vogais:

D^a. Ángeles Corral Debasa, traballadora social do concello de Rábade.

Secretario: O Secretario-interventor da Corporación, D. Jose Angel Balseiro Amido.

Así mesmo comparecen os aspirantes seguintes:

D.N.I	NOME
33.324.842-G	Cristina Sánchez Rodríguez

O tribunal de selección acorda trasladar a realización da proba práctica ao paseo público do Miño, onde se procederá, de acordo co previsto na base sétima, á realización por parte dos aspirantes dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acorde coas tarefas da praza, en concreto o manexo dunha desbrozadora manual e a realización de traballos de xardinería mediante o emprego dun tractor cortacésped.

Finalizada a realización da proba práctica, o tribunal de selección, por unanimidade dos seus membros presentes acordou outorgar a seguintes puntuacións:

NOME	PUNTOS
Cristina Sánchez Rodríguez	8,00

Finalmente o tribunal acorda atribuír as puntuacións finais, resultado da suma da puntuación obtida polos aspirantes na fase de concurso mais a obtida na fase de oposición, obténdose os seguintes resultados clasificados de maior a menor puntuación total:

NOME	Fase concurso	Fase de oposición	TOTAL
Cristina Sánchez Rodríguez	4,75	8,00	12,75

Polo tanto á vista dos resultados anteditos, os membros do Tribunal propoñen por unanimidade do seus membros presentes ao órgano competente a atribución da praza de peón de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas a Cristina Sánchez Rodríguez con DNI Nº 33.324.842-G.

E para que conste aos efectos oportunos levántase a presente acta en Rábade, a 1 de decembro de 2017.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo.: Silvia Vázquez Orejas.

Asdo.: Jose Angel Balseiro Amido.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411